# TÁBOAS FUSIÓN

**<u>Begoña López Castro</u>**
*bess-go@hotmail.com*

As táboas dinámicas son unha forma de resumir datos que temos nunha folla de cálculo, podendo cambiala fácil e rapidamente para ver os datos de xeitos moi diferentes. Google drive permítenos facer isto dun xeito aínda mais interesante podendo engadir posicións xeográficas e levar estas follas de cálculo a un mapa. Dito mapa poderemos facelo público na web compartindo información moi valiosa para diferente usuarios da rede. O punto de partida para poder traballar con táboas fusión en google drive é ter unha conta de google.

Temos diferentes formatos nos que podemos importar os nosos datos sendo os mais comúns as follas de cálculo (.ods, .xls, .xslx, etc), mais tamén son validos formatos de texto delimitados(.csv, .tsv, etc) ou arquivos KML (.kml). Por outra banda temos diferentes opcións de publicar os nosos traballos, ven sexa permitindo a un grupo reducido ou abrindo a toda a comunidade. Publicando todos os datos ou compartindo so unha pequena parte deles. Publicando so gráficos, táboas ou mapas ou todos xuntos.

Nesta exposición aprendese a realizar dende un mapa por direccións ou coordenadas xeográficas. Introducir imaxes nun mapa, que nos permitirá realizar excursión de investigación co noso alumnado. Pasan por combinar diferentes mapas e datos nun único. Obteremos gráficos de barras, de liñas o igual que mapas de gradientes de cor en función do rango de datos, etc. Podendo obter fichas perfectamente definidas de cada punto de interese, entre moitas outras cousas.

Quedan como exemplo as seguintes imaxes:










